

Estos consellos e mailas referencias da normativa galega citadas, pretenden afondar nesa necesidade sentida de procurar elevar os niveis de seguridade no exercicio da caza. Evitar que o protagonismo da caza a teñan os desgraciados accidentes que se producen as veces. Accidentes que son froito de conductas repetidas e imprudentes, nadas da ausencia desa conciencia de perigo, que debería acompañar en todo momento o uso de armas de fogo.

As distintas modalidades de caza colectiva e, mais que nada, das de caza maior son as que propician en boa medida a produción destes accidentes. Un tipo de caza, que conta cada día con mas afeccionados, pero ten pouca tradición na nosa terra.

Espero que esta publicación, xunto con outras medidas que se incluen no programa de seguridade que puse en marcha a Consellería de Medio Ambiente consigan transmitir os nosos cazadores a necesidade de cumprir as normas e de seguielos bóos consellos que aqui se reuniron para que a caza siga sendo ese deporte fermoso, que xungue a tantos galegos na defensa e protección dos valores do nodo medio

José Manuel Barreiro Fernández  
Vicepresidente 2º do Goberno e Conselleiro de Medio Ambiente

## SEGURIDADE NA CAZA

### ÍNDICE

	Páxina
- PREÁMBULO.....	2
- MEDIDAS DE SEGURIDADE NA CAZA MAIOR.....	4
- PRECAUCIÓNS NA CAZA MENOR.....	5
- OUTROS CONSELLOS PARA CAZAR CON SEGURIDADE.....	6
- A ACTITUDE DO CAZADOR FORA DO MONTE.....	7
- <b>NORMATIVA DE APLICACIÓN NO REGULAMENTO</b>	
<b>DE CAZA, aprobado polo Decreto 284/2001</b>	
Artigo 39 .....	8
Artigo 40 .....	9
<b>ANEXO II.....</b>	10
<b>ANEXO III.....</b>	11

## SEGURIDADE NA CAZA

### **+ PRECAUCIÓN – RISCO + SEGURIDADE**

**A práctica da caza é unha actividade ancestral que se practica en formas moi variadas e distintas en todo o mundo. O longo da historia téñense utilizado técnicas e instrumentos moi diversos para cazar. Algúns deles, como a cetrería ou o arco sobreviven o paso dos milenios, pero sen dúbida a aparición das armas de fogo deu unha nova dimensión o concepto de cazar. Con elas acadouse una maior eficacia e un maior alcance que revolucionaron a concepción da caza. O uso de armas de fogo xa forma parte do equipo básico da meirande parte dos cazadores.**

**Pero, o uso das armas leva aparelada un certo grao de perigosidade, que se pode facer desaparecer facendo un uso axeitado delas. Non abonda con ter un coñecemento cabal do funcionamento da arma que se utiliza, cumpre ter conciencia clara do seu potencial destructivo e da necesidade de facer un uso prudente e axeitada dela, para que ese instrumento tan útil para a caza non se volva contra do seu propietario.**

**Galicia ata fai pouco tempo foi para os nosos cazadores terra de coellos e perdices mais que nada, había pouca tradición de caza maior, aínda que existían poboacións de especies coma o corzo, xabaril, cervo, cabra montés ou rebezo. Son moitas as circunstancias que teñen mediado para que as especies de caza menor empezaran a escasear, e no seu lugar e de xeito acelerado apareceron outras especies mellor adaptadas ao novo medio, especies, as mais delas, de caza maior que teñen que acoller os desexos venatorios dos nosos cazadores.**

**A proliferación do xabaril e do corzo propicia a popularización de modalidades de caza colectiva, entre as que o gancho se amosa de xeito destacado como a preferida para os cazadores da nosa terra.**

**A falta de tradición cinexética de caza maior o que se xungue o descoñecemento das súas regras e a falta da disciplina nesta modalidade, eleva de maneira importante o risco de accidentes nas cacerías.**

**O exercicio da caza, tanto individual como colectiva, impón a observancia de regras sinxelas, moi fáciles de cumprir, pero inesquecibles.**

Estas regras van destinaadas a melloralas seguridade non só na caza, senón no uso das armas que se utilizan na práctica cinexética.

As armas son cada vez mais fáciles de usar, mais eficaces e mais seguras, pero sempre o mais importante é o uso que se faga delas. A Consellería de Medio Ambiente quere transmitir a importantísima mensaxe de que na caza a seguridade é o primeiro e o mais importante. O cazador debe asumir que só se pode cazar dun xeito: seguro. Seguro de que coa túa arma non te vas facer dano a ti mesmo nin llelo farás os demais.

Recorda que o uso de armas de fogo eleva o sentido de perigo e dispara a alarma social. Un só accidente mortal resulta por si mesmo unha enorme traxedia, pero si se produce por arma de fogo, paréceo moito mais.

Por eso esta campaña, que se artella a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, afôndase na necesidade de adoptar medidas de seguridade e de precaución, para que a caza se amose como tódolos cazadores sabemos que é: Unha actividade deportiva plena, que se desenvolve o aire libre, que respecta e que mellora o medio rural e que fomenta valores de altísimo contido social como son a amizade e a solidariedade.

As regras que contén esta publicación, que se pon a disposición de todos os cazadores galegos, proceden desa idea indeterminada, pero recoñecida por todos, do “sentido común” que debe impregnar á práctica venatoria e que, nalgúns casos, acadou o rango de norma legal obrigatoria.

O cumprimento destas regras garanten que podas seguir gozando da caza.

**Non esquezas que tamén na caza o maior ben a protexer é a vida  
humán**

## **OUTROS CONSELLOS PARA CAZAR CON SEGURIDADE**

### NORMAS BÁSICAS XERAIS DE SEGURIDADE NA CAZA

- **O** tempo dedicado á limpeza das armas redonda nunha maior duración das mesmas, na maior eficacia do disparo e en máis seguridade no seu uso. Durante a cacería hai que ter precaución que non entre porquería no canón.

- **UNHA ARMA** oxidada, ademais de darnos mala imaxe, acabará provocando un accidente con consecuencias imprevisibles.

- **COMPROBA** que as pezas da arma non teñen folgura. Atención aos desgastes, roturas e desaxustes perigosos. As armas vellas requiren máis atención e é bo que as revise un armeiro.

- **CANDO** se compra munición convén asegurarse que é a adecuada para o tipo de caza que se vai a practicar e para o tipo de armas que se usen.

- **CANDO** se adquire un arma ou se cambia de tipo de munición é adecuado facer algún tipo de proba de tiro nun lugar apropiado.

- **AS** armas son para disparar, non para mover ramas, nin para apoiarse.

- **É** unha boa costume descargar o arma para cruzar un regato, saltar un muro ou pasar por lugares con risco de caída.

- **A** inxestión de substancias que mermen a nosa capacidade, ademais d estar prohibido, aumenta o risco de accidentalidade.

- **OS** días de meteoroloxía adversa esixen un esforzo especial de precaución xa que diminúen a visibilidade e se perde a referencia do horizonte.

- **O** arma sempre debe ter o canón hacia o ceo ou hacia o chan, nunca hacia os compañeiros, aínda que este descargada. Esta práctica ten vital importancia á hora de cargarlas ou descargarlas.

- **DEBESE** descargar o arma ó cruzarse con alguén, sobre todo se non é cazador. Debe notarse que non está cargada para a súa tranquilidade. Non costa nada ser amables.

- **SEXAMOS** transixentes e respectuosos con outras persoas que utilizan tamén o monte; pensemos que poden estar entre nós durante a cacería.

A nosa ordenación legal permítenos ter postos durante as cacerías nas marxes dos camiños rurais. Teñamos especial precaución con outras persoas que poden transitar por esas vías.

- **HAI** que saber que a distancia que alcanza unha bala dun rifle son varios quilómetros, mentres que os perdigóns lanzados por un cartucho de escopeta non superan unhas decenas de metros. Debe actuarse en consecuencia.



- **EN** terreos con pedras ou rochas e auga (ríos, embalses, etc.) deben extremarse as precaucións para evitar os rebotes.

- **CONVÉN** manter o arma en seguro ata que se vaia a disparar. Sen embargo, a pesar de esto, hai que manter as precaucións xa que o seguro pode non ser efectivo en determinadas circunstancias.

- **LEMBRA** non disparar cara ás pedras, rochas ou auga; pódense producir rebotes.

- **EMPREGA** sempre o cartucho e o perdigón axeitados para as diferentes modalidades de caza e escopetas. É preciso coñecer a presión que soporta a arma e a que desenvolve o cartucho. Ten esto moi en conta nos cartuchos de bala, comprobando a lonxitude de vaina e cerciorándote do estado da súa escopeta e das presións que poida soportar. No caso dos rifles, emprega balas e calibres adecuados e non introduzas nunca unha bala dun calibre na recámara dunha arma doutro calibre.

- **NOS** postos, nunca apuntes a ninguén. Mantén este costume cando caces en solitario. As armas pódense incluso disparar co seguro botado.

- **NON** apoies nunca a boca do canón da arma no chan, nin permitas que se introduza nel ningún obxecto extraño. Comproba o seu estado antes de seguir cazando.

- **NON** teñas o dedo preto do gatillo; é preferible ir sempre co seguro posto e desmontalo unicamente á hora de disparar.



- **SACA** os cartuchos ou as balas do arma antes de franquear calquera obstáculo (regatos, cercas, aramados, ou barreiras de pedra).

- **SE** a arma conta con chokes cambiábeis, comproba durante a xornada de caza que non se afrouxaron. Os internos, se están frouxos, deixan unha pequena ranura, suficiente para reter os perdigóns.

- **EVITA** deixar a munición ao sol ou baixo calquera axente que poida


producir un quecemento excesivo, xa que unha elevación da presión pode ser moi perigosa.

- **NON** fagas nunca probas cos mecanismos de seguridade das armas (e máis concretamente co seguro), en posicións comprometidas.

- **SE** bebas ou tomas substancias que poidan provocar euforia ou perda das súas condicións normais, non practiques a caza, deixao para outro día, non te poñas en perigo nin poñas os demais nil .

**LEMBRA QUE O MAIOR BEN A PROTEXER NA CAZA É A VIDA HUMÁN**

## ANTES DA CACERÍA



**O** responsable da cacería colocará os postos de forma que a súa área de tiro non sexa perigosa para os seus compañeiros de armada.

**O** responsable da cacería indicará a cada cazador cal é o seu posto, procurando coloca-los postos de modo que queden protexidos dos disparos dos demais cazadores, procurando aproveitar para isto os accidentes do terreo

**Todos** os cazadores están obrigados a obedecer as órdes do responsable da cacería. Este debe recordar sempre ós seus compañeiros as medidas de seguridade.

- **AS** emisoras de radiofrecuencia son tamén de gran axuda para conocer e informar da posición dos cazadores, sobre todo en zonas de matogueiras. e unha forma moi eficaz de dar instrucións ó xefe da cacería ó resto dos cazadores.



**ADEMAIS**, lembra que **os chalecos** reflectantes melloran a seguridade nas cacerías. Ponte o chaleco para que os teus compañeiros de caza te vexan. Os animais non teñen unha visión tan nítida das cores como os humanos, sen embargo teñen unha gran agudeza visual dos movementos e unes finísimos ouvidos e olfato, polo tanto é tan importante non moverse como camuflarse. Os chalecos de cores vivas (vermello ou amarelo)



melloran a visión da situación dos compañeiros de cacería. É preferible perder un pouco de eficacia para aumentar a seguridade.

- **CADA** cazador debe marcar unha zona de tiro, debendo reducila se hai



posibilidade de rebotes. A posibilidade de rebotes é algo que sempre temos que ter en conta. Se tiramos cara ao chan, en zonas de pedras ou sobre auga, os proxectís poden rebotar de forma insospeitada, acadando a algunha persoa.

**SE** o terreo é chan, os postos deben estar todos alineados, estando obrigado cada cazador a establecer acordos visuais con máis próximos para sinalar as súas posicións.

### DURANTE A CACERÍA

**O** responsable da cacería poderá expulsar da mesma a quen non obedeza as súas instrucións.

**NOS** ganchos para que un cazador poida moverse dun posto deberá contar co coñecemento e autorización do xefe de cuadrilla, que actuará en consecuencia por ese movemento.

**AS** armas no gancho e na montería só se cargarán á chegada ó posto, e polo tanto deberán descargarse antes de abandonalo.

**O** cazador, unha vez colocado no posto debe establecer contacto visual e verbal cos postos colindantes para insistir na zona de disparo de cada un, que respetará a raxa tabla.

**CANDO** se vai a disparar hai que estar seguros que a traxectoria do proxectil terminará no chan. Hai que ter especial precaución cos disparos sucesivos, pode que se empecen correctamente e logo correr riscos innecesarios. As zonas chas requiren unha atención especial porque a rasante do proxectil pode ser moito maior.

**O** disparo farase cando se vexa a peza completa, nunca hacia unha sombra, un movemento ou un ruído no monte.

**LEMBRA** que no monte, **nunca** se debe **disparar ó vulto** que se move sen telo identificado antes. Pódese tratar dun can, un batedor, un garda, camiñantes ou incluso dun cazador que, desatendendo as normas



de seguridade, haxa abandonado o seu posto para rastrear unha res ou, simplemente, para comprobaren que a matou. Ante a dúbida, non dispaes. Sempre é mellor previr.

- TAMÉN se recomenda **non dispararen ó viso**, é dicir, ao lugar onde o horizonte non garanta que a bala quedará aterrada. Non se debe esquecer que hai unha grande diferenza entre o alcance dunha escopeta con cartucho de perdigóns ou de bala e o dun rifle.

## **PRECAUCIÓNS NA CAZA MENOR**

- **NA CAZA EN MAN** coñece a situación dos teus compañeiros. Ten coidado con outras cuadrillas que se crucen con nós. Extrema a precaución nas zonas de monte ou vexetación espesa. Pensa no teu can ou nos dos teus compañeiros á hora de disparar. Non o fagas se non estás convencido de que os disparos non os acadarán.

- **NOS POSTOS FIXOS** chega a eles coas armas enfundadas e saia igual. Non te movas coa arma cargada entre os postos nin saias a cobrar coa escopeta na man.

- **NOS OLLEOS** non esquezas colocar as pantallas laterais. Non dispaes nunha dirección aos outros postos ou cara aos olleadores cando xa estean a unha distancia que se lles poida acadar. E non saír coas escopetas cargadas ou disparar unha vez dada o sinal de fin de olleo. Leva ao posto as armas enfundadas e ao acabar, tamén.



- **NON** te fies das distancias, xa que o chumbo dos cartuchos, e sobre todo as balas, poden chegar a distancias que non pensamos. Un rifle ten un alcance moi grande, podendo mandar as balas a varios quilómetros.

- Ó igual que na caza maior, **NON** dispaes xamais cara aos visos, os cambios de rasantes e por enriba de outros cazadores.

- **Lembra**, unha vez máis, que cando se dispare sobre unha peza de caza menor ou maior sempre deberemos tela **á vista**, coa suficiente visibilidade para que no traxecto non atopemos persoas, animais ou obstáculos nos que poidamos impactar. Ten especial coidado nos días de néboa.



## **MEDIDAS DE SEGURIDADE NA CAZA MAIOR**

Dentro das modalidades de caza maior, as que maior número de participantes acadan son as de montería, gancho ou batida. Estas modalidades consisten en bate-lo monte, con axuda ou non de cans, que previamente foi cercado con cazadores.

En malas dúas maneiras de caza colectiva, por razóns de seguridade das persoas, está prohibido o cambio ou o abandono dos postos, polos cazadores e polos seus auxiliares, duranre a cacería.

Asemade, **tense prohibido** en xeral:

- Cazar en *liña de retranca*; é dicir, en postos ou lugares situados a menos de 500 m das armadas de peche.

- Te-las *armas cargadas antes de chegar ao posto* e despois de abandonalo.

- Cazar nos tecores colindantes co que se está a celebra-la montería ou gancho

Cando se trate de terreo libre, non se pode cazar a menos de 1.500 m de onde se estea celebrando a montería, gancho ou batida.

### **Cómo se monta unha armada de caza**

#### Se os cazadores teñen entre si contacto visual

Deben apostarse de xeito que teñan control visual dos que teñen próximos. Cada cazador debe marcar a súa posición con respecto aos outros cazadores, situándose na liña imaxinaria da armada, non disparando en dirección aos outros postos. Os postores deberalle explicar a cada un dos cazadores o campo de tiro permitido, quedandolles prohibido a estos disparar fora del. Deste modo, se a armada –e dicir, se a liña formada por varios postos consecutivos que cercan unha parte do monte a bater- está nun **cortadeiro**, os postos deben colocarse aliñados no borde da mancha, de costas á saída das reses.



Debe asignaselles a cada un dos cazadores, un ángulo para o disparo, de maneira que, en ningún caso, poidan coincidir os campos de tiro de ningún deles.

Está terminantemente prohibido cambiar ou

abandonar o posto durante a cacería, agás por causa de forza maior e sempre previo aviso os postos estremeiros, si están a vista.


### **Si non teñen contacto visual**

Nas monterías haberán de situarse os cazadores fora do alcance de tiro dos demais participantes na cacería, aproveitando os accidentes do terreo. En todo caso convén recordar que está prohibido cazar en liña de retranca



### **Ó FINALIZAR A CACERÍA**

**ASEGURARSE** sempre que se descargou o arma ó sair do posto. É unha boa costume revisala de novo ó chegar ó coche ou a casa.



- **O** terminar a cacería recordar que nos vehículos teñen que ir descargadas.

- **AO rematar** a xornada mira que non deixas ningún cartucho ou bala na arma.

- **NON** permanezas en lugares públicos con armas desfundadas e montadas, aínda que estean descargadas.

- **NON** deixes as armas no interior de vehículos non controlados, aínda que estean pechados.

- **DEDICA** uns minutos á limpeza da arma despois de cada xornada de caza. É recomendable pasar a baqueta co aramio espiral polo menos dúas veces durante a tempada.

- **TEN** gardadas as armas sempre sen cargar, en lugar seco e seguro e engraxadas cando non se empreguen.

- **LEMBRA** que é obrigatorio te-las armas raiadas nun armeiro homologado.



## **NORMATIVA VIXENTE**

**O REGULAMENTO DE CAZA DE GALICIA**, aprobado polo Decreto 284/2001 amosa na exposición de motivos a súa preocupación pola seguridade no exercicio da caza e lle adica todo o capítulo III, do título II da Lei, xunto cos artigos 39 e 40, nos que sinala as medidas precautorias de seguridade e establece a responsabilidade derivada do seu incumprimento, amais de dous anexos referidos ás máis importantes modalidades de caza maior, o axexo por unha banda, e os ganchos e monterías por outra.

### **\* Artigo 39 do Decreto 284/2001.- Medidas precautorias de seguridade**

1. *Con independencia do que dispoñan outras leis, durante o exercicio da caza deberá observarse o seguinte:*
  - a) *En tódolos casos en que se avisten grupos de cazadores que marchen en sentido contrario, ou que se vaian cruzar ou adiantar, será obrigatorio para todos eles descarga-las súas armas cando tales grupos se encontren a menos de cincuenta metros uns doutros e mentres se manteñan de fronte, respecto do outro grupo.*
  - b) *Nas cacerías que se organicen en forma de monterías, axexos ou tiradas colectivas prohibese ter cargadas as armas antes do momento de chegar á postura ou despois de abandonala. Así mesmo, prohibese o cambio ou abandono dos postos polos cazadores, acompañantes e os seus auxiliares durante a cacería, salvo por razóns de forza maior e logo do aviso aos postos estremeiros, sempre que estes estean á vista.*
  - c) *Nas monterías colocaranse os postos de modo que queden protexidos dos disparos dos demais cazadores, procurando aproveitar para tal efecto os accidentes do terreo.*
  - d) *Nos axexos de caza menor deberán colocarse os postos distanciados, polo menos, trinta metros uns doutros, salvo que non teñan vista directa. Así mesmo, colocaranse pantallas de protección, que deberán ter dimensións e colocación en altura convenientes, sen que a súa superficie sexa inferior a quince decímetros cadrados.*
  - e) *Salvo que se indiquen distancias superiores, na modalidade de axexo, os asexadores non deberán acercarse a menos de cincuenta metros das posicións de tiro dos cazadores e estes non dispararán cara á liña de asexadores cando esta se encontre a menos de cen metros ó alcance da escopeta.*
  - f) *Cada postor deberá explicar antes de empeza-la cacería a tódolos cazadores que coloque, o campo de tiro permitido, e estes absteranse de disparar fóra del e especialmente en dirección ós demais postos que teña á vista. Para estes efectos cada cazador está obrigado a establecer acordo visual e/ou verbal cos máis próximos para sinalala súa posición.*
  - g) *Así mesmo, observaranse as normas que regulan o uso de armas en relación coas zonas de seguridade.*
2. *Como anexo III a este regulamento, figuran as normas de seguridade para axexos e para ganchos e monterías.*

**\* Artigo 40 . do Decreto 284/2001.--Responsabilidade nas cacerías.**

*A infracción das prescricións do presente regulamento determinará a correspondente responsabilidade en vía administrativa, que se suxeitará ás prescricións seguintes:*

- 1. Os titulares dos Tecor e os organizadores das cacerías de se-lo caso, serán responsables das infraccións que se deriven de cazar ou permitir cazar nas modalidades non incluídas no plan de ordenación aprobado para o Tecor, ou con incumprimento das condicións do antedito plan.*

*Cando os titulares actúen como organizadores asumirán ademais, as responsabilidades destes e, en calquera caso, os titulares estarán obrigados a colaborar coa Administración en todo o que se refire ó disposto neste artigo.*

- 2. Os organizadores de cacerías serán responsables en xeral do cumprimento dos requisitos e medidas concernentes á preparación e desenvolvemento daquelas, especialmente ás medidas de seguridade, colocación e condicións que deben reuni-los postos; impedirán tanto cazar en liña de retranca como na faixa que corresponda arredor da superficie obxecto da cacería.*

*Responsabilizaranse, así mesmo, de dárlle-las debidas instruccións a cantas persoas vaian participar na cacería, sexan cazadores ou auxiliares.*

- 3. Os cazadores serán responsables da contravencións ó presente regulamento polos seus actos individuais, incluído o incumprimento das instruccións que para o bo desenvolvemento da cacería lles dera o organizador cando participen en modalidades colectivas.*

*Así mesmo, todo cazador estará obrigado a indemnizar polos danos e perdas que ocasione con motivo do exercicio da caza, excepto cando o feito fora debido a culpa ou negligencia do prexudicado ou por causas de forza maior*

## ANEXO II

### Decreto 284/2001

#### **Normas para a caza na modalidade de axexo.**

1. *Durante a cacería, cada cazador irá acompañado dun garda ou guía que terá a representación do titular dos dereitos cinexéticos e as decisións do cal serán seguidas estritamente no transcurso desta..*
2. *O garda ou guía será o que lle indique ó cazador as pezas sobre as que pode disparar, podendo suspender a cacería cando ó seu xuízo existan razóns que o fagan aconsellable. Durante o desenvolvemento das cacerías, as decisións dos gardas ou guías acompañantes serán inapelables. Os cazadores poderán recorrer contra as decisións do citado persoal ou formular reclamacións respecto ao seu comportamento mediante escrito dirixido ao organismo competente.*
3. *Situados no cazadoiro, se as condicións para a caza se tornasen adversas para o seu desenvolvemento, nas condicións previstas no punto 38 do artigo 58 da Lei de caza, o garda comunicarlle ao cazador a suspensión temporal desta.*
4. *O titular do permiso é a única persoa autorizada para disparar, non podendo levar máis que unha arma de fogo á cacería.*
5. *Ferida a peza, o garda ou guía adoptará as previsións precisas para proceder á súa persecución, remate e cobro. Unha vez cobrada a peza, tomaranse as correspondentes mostras e medidas.*
6. *O guía, baixo a súa responsabilidade, expedirá unha guía, asinada e datada, para o transporte dos restos das pezas abatidas. Será necesario facer unha relación das bolsas ou dos receptáculos de todo tipo nos que se transportan, con expresión aproximada do peso dos restos que se depositan, en cada un deles. No caso de que se repartan entre varias persoas, será necesaria unha guía para cada unha delas, cos mesmos requisitos antes sinalados.*

### **ANEXO III**

#### **Decreto 284/2001**

##### **Normas de seguridade en ganchos e monterías**

*Antes do inicio da cacería nomearase un responsable desta. Esta persoa queda obrigada a organiza-los cazadores durante o seu desenvolvemento. O seu nome e DNI figurarán na relación de cazadores que efectivamente van cazar. Tódolos cazadores participantes están obrigados a obedece-las ordes do responsable da cacería, quen poderá ordena-la expulsión dos cazadores que non cumpran as súas instrucións.*

*O responsable da cacería escollerá as manchas que se vaian bater e comunicarálle-la súa localización aos representantes do Servizo Provincial de Conservación da Natureza e da Garda Civil. Igualmente, deixarao indicado no punto de reunión.*

*O responsable da cacería indicarlles aos cazadores participantes os postos que deberán ocupar durante o desenvolvemento da montería.*

*Os cazadores participantes non se moverán dos seus postos durante a montería.*

*Mentres o responsable da cacería coloca os cazadores participantes nos seus postos, estes deberán leva-las escopetas abertas e os rifles descargados.*

*Unha vez colocados os cazadores nos seus postos, o responsable da cacería indicará o comezo, momento no que os batedores e cans entrarán na mancha que se vaia bater.*

*Cando o responsable da cacería dea o sinal de comezo, os cazadores cargarán as armas.*

*Se algún dos cazadores participantes se movese do seu posto, o responsable da montería suspenderá a cacería de forma inmediata, expulsando da cuadrilla aqueles cazadores que non respectasen as súas ordes.*

*Os cazadores participantes apuntarán as súas armas unicamente cara á mancha que se vai bater. Queda prohibido apuntar ou disparar cara á liña de retranca.*

*O responsable dará por finalizada cacería cando o considere oportuno. Os cazadores de forma inmediata descargarán as súas armas.*

*Durante os traxectos nos que se utilice calquera tipo de vehículo, as armas irán descargadas e nas súas fundas.*

*O responsable da cacería, antes do seu inicio, debe dar a coñecer a tódolos participantes estas normas de seguridade.*

*Non poderá realizarse ningunha cacería sen previa notificación ó posto da Garda Civil, nin poderán baterse manchas distintas das solicitadas.*


*O responsable da cacería, baixo a súa responsabilidade, expedirá unha guía, asinaa e datada, para o transporte dos restos das pezas abatidas. Será necesario facer unha relación das bolsas ou dos receptáculos de todo tipo nos que se transportan, con*

*expresión aproximada do peso dos restos que se depositan, en cada un deles. No caso de que se repartan entre varias persoas, será necesaria unha guía para cada unha delas, cos mesmos requisitos antes sinalados.*

## LESIÓNS DO CAZADOR E PRIMEIROS AUXILIOS

### Torceduras

Se é posible, aplicarase frío con toallas ou panos, ou se houbera, con xeo. De seguido inmovilízase a articulación afectada e se trasladará ó lesionado ó Servizo de Urxencias máis próximo.



Se a caída se produxo de espaldas, non moveremos ó ferido, xa que poderíamos agravar a súa lesión, e o que faremos será chamar a unha unidade especializada neste tipo de accidentes.

### Luxación

É a saída do óso da súa posición normal, que se detecta pola anormal morfoloxía da articulación, e por presentar o enfermo unha intensa dor e un bloqueo da articulación afectada.

Débese inmovilizar ó ferido e despois trasladarase a un servizo de urxencias.

Hai unha serie de signos que de xeito fácil fan posible o diagnóstico dunha fractura. Entre os máis salientables, figuran os seguintes:

1. Imposibilidade de mover o membro lesionado.
2. Dor a nivel da lesión.
3. Deformación do membro. Fácilmente perceptible se se lle compara co membro san.
4. A rexión fracturada colle unha cor amoratada.
5. Crepitação ou sensación de roce entre os dous fragmentos do óso fracturado.
6. Shock.

## **Fracturas óseas**

Como son as de tibia, peroné, cúbito, etc. nestes casos, tentarase de facer un sinxelo entablillado, e despois farase o debido traslado ó centro de urxencias máis próximo.

*Fractura das costelas.* Colócase unha venda sobre a rexión fracturada ou que se supón fracturada, e anúdase sobre o lado san. Para levar esto a cabo, recoméndase ó ferido que aspire a fondo ó tempo que se tira dun modo continuo e suave dos extremos da venda, a fin de poder apretar ben o nó. De seguido, repítese esta mesma manobra con outras dúas vendas, que se colocan por enriba e por debaixo da anterior. Convén colocar un rodillo de vendas ou de panos entre o nó e a pel para non pellizcala.



*De tódolos xeitos, hoxe en día, ata que non sexa confirmado o diagnóstico cunha radiografía, non se debe facer ningún tipo de vendaxe, e menos todavía se o mancado é un ancián.*

*Fractura da pelvis ou da cadeira.* Pola súa parte extrema, se coloca unha longa férula que se extenda dende a axila ata o pé, e pola súa parte interna, unha que vaia dende a ingle ata o pé.

## **Feridas abertas.**

Ante a presenza dunha ferida, ás veces producida polo impacto dun perdigón, a primeira medida é a limpeza profunda da mesma, someténdoa ó chorro de auga dunha fonte, dun grifo, ou dunha cantimplora coa fin de arrastrar a suciedade da mesma e incluso desprender os corpos estranos retidos tales como pedras, cristais, etc.



Se a profundidade ou a extensión da ferida é importante, procederase de igual xeito, trasladando posteriormente ó doente a un centro de urxencias.

A maioría das feridas sangran pouco, parando a hemorraxia dun xeito espontáneo antes dos cinco minutos. Cando debido á perda abundante de sangue dificultase a localización da ferida, aplicarase un lavado intenso con auga, e unha vez localizada a orixe da hemorraxia, actuarase para detela, situando a parte sangrante en situación máis elevada que o resto do corpo, deste xeito, e por mor da gravidade, moitas feridas deixarán de sangrar ou sangrarán menos.

Como segundo paso a seguir, é a colocación dun garrote ou torniquete, tendo en conta sempre os sentidos de ida e volta ó corazón, se se trata dunha articulación deberemos colocalo por enriba da ferida, pero si é dunha vena, colocáremolo por debaixo dela, porque de non facelo así, equivalería a non telo posto.

Se a saída de sangue é moi aparatosa, convén atallarla canto antes, así que se non se ve moi claro, convén aplicar dous torniquetes, un a cada lado da ferida. De tódolos xeitos, o torniquete é unicamente unha solución momentánea, mentras se traslado ó doente a un centro de urxencias.

### **Lesións musculares**

A pesares de que os músculos atópanse menos superficiais que os vasos capilares e recubertos de diferentes capas ata a pel, poden ser alcanzados por axentes traumáticos exteriores de diferentes maneiras:

- Desgarro muscular; aplicarase frío (compresas de auga fría, xeo, etc.) e/ou analxésico a base de clorotilo comercializado en farmacias.
- Contusión ou golpe, aplicarase o mesmo sistema que no punto anterior.
- Esguinces; aplicarase frío na zoa dolorida durante trinta minutos, despois procederase a unha vendaxe compresora. É aconsellable recorrer a un centro sanitario para proceder a un estudo radiolóxico.
- Calambres; ante a sobrecarga dos músculos, realizarase un estiramento apoiando o talón e pisando cara abaixo a planta do pé.

### **Remedios preventivos para evitar lesións musculares.**

⇒ Miembros superiores

1. Quentamento con movementos rotativos de brazos, codos, monecas e fortalecemento dos dedos.
2. Ó longo da xornada de caza, se aconsella non sobrecargar constantemente unha das metades do corpo, sen promediar dita sobrecarga.
3. Ante a fatiga e/ou dor, recoméndase descansar uns minutos e practicar os estiramientos antes citados.

⇒ Membros inferiores (cadeira, muslo, xeonllo, perna e pé).

1. Cadeira: fananse rotacións e xiros coa fin de descargar a tensión sacrolumbar para dar elasticidade ás articulacións e ó nervo ciático.
2. Muslo: no caso de recarga muscular, collerase coa man da mesma perna o pé, e se estirará ata chegar co talón á zoa glútea, para estirar todos os músculos.
3. Xeonllo: realizaranse flexións para desentumecer rótulas, meniscos, ligamentos e tendóns.
4. Perna: os xemelos e sóleo son os músculos que primeiro se lesionan no campo, xa que se recargan e endurecen con moita facilidade, provocando lesións que poden chegar a unha tendinite no talón de Aquiles, e para evitar ditas lesións, recoméndase un entrenamiento previo ou a metade da xornada cun pé adiantado e



flexionado o xeonllo (cos talóns ben apoiados no chan e a outra perna ben rixida), inclinarase o corpo hacia adiante e coa perna rixida estírase hacia atrás.

5. Pé: para evitar a lesión do nocello, procederáse a uns movementos básicos, que consisten en estíramentos cara ó frente, atrás e con rotacións en ambos os dous lados.

### **Sistema respiratorio.**

No caso de dificultades respiratorias, recoméndase que nos paremos para efectuar os seguintes exercicios respiratorios:

- ⇒ Inspirar aire pola nariz, manténdoo uns segundos no peito, e de seguido expulsarase pola boca, repetindo este exercicio varias veces ata que a respiración sexa pausada e tranquila.
- ⇒ No caso de que dita fatiga sexa abdominal e/ou do diafragma, inspirarase arqueando o corpo hacia adiante, actuando como no caso anterior para provocar a abertura do diafragma e zona hepática.

### **Lesións oculares.**



No caso de cegueira por aire provocada por terra, recoméndase non manipular nesta zona, con pañuelos ou similares, senon proceder ó lavado do ollo con auga.

No caso de que algún axente se quede dentro do ollo, recoméndase a urxente visita a un especialista.

Para rematar, queremos facer chegar unha importante recomendación ó cazador, que consiste en que leve un pequeno botiquín durante a actividade cinxética, que tera: mercromina, tiritas, gasas, auga osixenada, alcohol, clorotilo (analxésico local para mergulladuras, contusións, etc., non se debe aplicar sobre as feridas abertas), tixeiras, vendas, calmantes e esparadrapo.